

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 4 de xullo de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de xullo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(675).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20 de xuño, extraordinaria e urxente do 23 de xuño e extraordinaria e urxente do 26 de xuño de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(676).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA”(AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSOAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA- ANO 2014. EXPTE. 95694/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 16/06, do xefe de área, conformado polos concelleiros-delegados de Benestar Social e de Facenda e visto o informe do asesor xurídico do 24/06 e de fiscalización da Intervención Xeral do 26/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar la concesión dunha subvención directa á Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia (AFAGA), con CIF: G-36776920, por un importe total de 18.000 euros, con cargo á partida 2310.4890010 –Convenio AFAGA-.

Segundo.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia (AFAGA), de compromiso de dez prazas para enfermos de alzheimer e dez prazas para familiares empadroados no Concello de Vigo, nos talleres que se desenvolvan dentro do “Programa de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexeneratia”, sen custo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Política de Benestar.

Terceiro.- Aprobar o gasto total de 18.000 euros a favor da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia, CIF G-36776920, con cargo á partida 2310.4890010 – Convenio AFAGA -, para o exercicio 2014.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA” (AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSONAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA – ANO 2014».

---

*En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2014*

#### COMPARECEN

*Dunha parte,*

*O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.*

*Doutra parte,*

*D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, con DNI nº 36.073.858-Z, Presidente da “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA), CIF nº G-36776920, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Oliva nº 12, 2º, Centro Cívico Casco Vello – Oficina E, de Vigo.*

#### INTERVEÑEN

*D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).*

*D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, actuando en representación de AFAGA, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.*

*D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).*

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

#### EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen estas enfermidades. De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAGA son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social, etc.

II.- Que, dentro deses programas, conta cun “Programa de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa” (antes: “Obradoiros paralelos”), que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós cuidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.

III.- Que a Concellería de Política de Benestar é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL ).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribese que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei

*e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.*

*De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.*

*Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

*VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2014, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.*

*VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,*

#### **ESTIPULACIÓNS**

*PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAGA para o desenvolvemento dun "Programa de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa".*

*En concreto, subvencionaranse dez (10) prazas, sen cargo ningún para os beneficiarios, que serán derivados polo Departamento de Benestar social seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, seren obxecto de estimulación e dez (10) prazas para apoio ós seus familiares.*

*SEGUNDA.- Para estes efectos, AFAGA comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar no desenvolvemento do Programa, co que se pretende traballar os aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe...), funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade...), proporcionar apoio emocional ós familiares dos asistentes ós obradoiros, procurarlles un tempo de lecer con actividades lúdicas e dotalos de coñecementos prácticos en relación á atención e coidados dos enfermos con demencia.*

*TERCEIRA.- AFAGA comprométese tamén a:*

*1) Aceptar ós beneficiarios (enfermos e familiares) que sexan derivados polo Departamento de Benestar social do Concello, seguindo o criterio antes indicado.*

*2) Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.*

*3) Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.*

*4) Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade AFAGA unha subvención para o exercicio de 2014 por importe de 18.000 € (DEZAOITO MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.10).*

*QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:*

*-Un 50% da cantidade total á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*

*-O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

*SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado resposten á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2014).*

*SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.*

*OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as*

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, antes do 30 de novembro de 2014, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

-Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

-Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

-Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

-Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose

neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

*DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.*

*UNDÉCIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DUODÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da AFAGA e dous representantes municipais (un deles, o/a técnico/a do Departamento de Política de Benestar responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.*

*DÉCIMO QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMO SEXTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na*

L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO  
O ALCALDE – PRESIDENTE,  
Abel R. Caballero Álvarez

Perante mín,  
O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
(P.D. Resolúcións do 19.09.2011 e 20.03.2013)  
Manuel Xosé Lorenzo Penela

POLA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER  
E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA,  
Juan Carlos Rodríguez Bernárdez”

### **3(677).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS-ANO 2014. EXPTE. 96058/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 02/06, da xefa do servizo, conformado polo xefe de área, e polos concelleiros-delegados de Benestar Social e de Facenda; visto o informe do asesor xurídico do 10/06 e o de fiscalización da Intervención Xeral do 18/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Asociación de Persoas Sordas de Vigo, entidade colaboradora co departamento de benestar social, para poñer á disposición das persoas xordas un intérprete de lingua de signos. Ano 2014.

Segundo.- Aprobar a concesión dunha subvención directa a Asociación de Persoas Sordas de Vigo, CIF G-36.622.835, por un importe total de 20.000 euros, con cargo á partida 2310.4890002 -convenio programa sordos-.

Terceiro.- Aprobar o gasto por un importe total de 20.000€ euros, a favor da Asociación de Persoas Sordas de Vigo, cif. G36622835, con cargo á partida 2310.4890002 -Convenio programa sordos- ou a súa bolsa de vinculación.



**“CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO”  
PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANO  
2014».**

---

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2014

**COMPARECEN**

*Dunha parte,*

*O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.*

*Doutra parte,*

*D. Antonio Castro Neira, con DNI nº 33.304.797-S, Secretario da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, CIF nº G-36622835, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 24, baixo, de Vigo.*

**INTERVEÑEN**

*D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).*

*D. Antonio Castro Neira, actuando en representación da “Asociación de Personas Sordas de Vigo” por delegación do Presidente, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.*

*D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

**EXPOÑEN**

*I.- Que a «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (en adiante, ASV) é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vidas das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e pular pola súa investigación e difusión, fomentar a autonomía e a independencia deste colectivo e a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando e dando continuidade ós servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social, velando tamén pola adecuada formación das persoas intérpretes.*

*II.- Que ámbalas dúas partes son conscientes de que esas barreiras de comunicación non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que, como a instrumentada no presente Convenio, teñan como obxectivo a efectiva integración das persoas xordas.*

III.- Que o Concello de Vigo conta, desde hai anos, cun “Gabinete Técnico de Accesibilidade” como órgano consultivo encargado de garantir no ámbito local o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de iniciar un proceso sistemático e coordinado para facer real o dereito ó goce da cidade para o amplo colectivo que representan as persoas con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.

IV.- Que a Concellería de Política de Benestar é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas xordas na cidade que teñen a necesidade específica de acudir ós servizos prestados polos profesionais intérpretes da lingua de signos.

V.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL ).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

VI.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

*Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

*VII.- Que, ademais, segundo a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento (D.35/2000, do 28 de xaneiro), as Administracións públicas galegas deberán fomentar a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación así como a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos e a existencia nas distintas Administracións públicas deste persoal especializado, facilitando deste xeito a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego.*

*VIII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2014, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.*

*IX.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,*

#### **ESTIPULACIÓNS**

*PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da ASV para a prestación do servizo de intérprete da lingua de signos.*

*SEGUNDA.- Para estes efectos, a ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:*

*1)A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).*

*2)A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste servizo, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.*

*3)A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*4)*

*TERCEIRA.- O réxime de prestación deste servizo será o seguinte:*

*Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de "chamada previa"; é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete deberán chamar con antelación á ASV comunicando os seus datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo.*

*Deberá terse en conta que non todas as demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo no que ó horario se refire, xa que a unha hora determinada pode atoparse o intérprete realizando outro servizo.*

*Cando se trate de conferencias, relatorios ou semellantes, a organización do evento respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe e facilitando sempre e, como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.*

*□ O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, fixándose a realización de 48 horas semanais, organizadas pola ASV como mellor conveña para os intereses das persoas que precisen do servizo.*

*O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.*

*O servizo será totalmente gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.*

*CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade ASV unha subvención para o exercicio de 2014 por importe de 20.000 € (VINTE MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489002).*

*QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:*

*-Un 50% da cantidade anual á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*

*-O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

*SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2014).*

*SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.*

*OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*NOVENA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, antes do 30 de novembro de 2014, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

- *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

- 1.Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
- 2.Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
- 3.Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- 4.Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

*-Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

*-Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*

*-Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación, Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.*

*Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.*

*UNDÉCIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DUODÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da ASV (D. Miguel Ángel González Lloves, Presidente, e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen González Lloves, Técnica, ou as persoas que as substitúan) e dous representantes municipais (unha delas, o/a técnico/a do Departamento de Política de Benestar responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.*

*DÉCIMA QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMA SEXTA.- O Concello de Vigo resérvase a realización de todo tipo de publicidade e divulgación de información nos medios de comunicación social sobre os servizos e actividades obxecto deste Convenio*

*DÉCIMA SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é*

*a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.*

*DÉCIMA OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.*

*POLO CONCELLO DE VIGO O ALCALDE – PRESIDENTE,  
Abel R. Caballero Álvarez*

*Perante mín,  
O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
(P.D. Resolucións do 19.09.2011 e 20.03.2013)  
Manuel Xosé Lorenzo Penela*

*POLA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO,  
Antonio Castro Neira”*

#### **4(678).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN MENELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR- ANO 2014. EXPTE. 96057/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 06/06, da xefa do servizo, conformado polo xefe de área, e polos concelleiros-delegados de Benestar Social e de Facenda; visto o informe do asesor xurídico do 11/06 e de fiscalización da Intervención Xeral do 19/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á Fundación Menela, con CIF: G36685964, por un importe total de 8.000 euros, con cargo á partida 2310.4890009 –Covenio Fundación Menela-.

Segundo.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Fundación Menela, colaboradora co Departamento de Política de Benestar, para o financiamento dun programa de “Respiro Familiar” dirixido a familias ou cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade.

Terceiro.- Aprobar o gasto total de 8.000 euros a favor da Fundación Menela, con CIF: G36685964, con cargo á partida 2310.4980009 –Convenio Fundación Menela- do orzamento de 2014.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR – ANO 2014».

---

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2014

#### COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, con DNI nº 35195099-Q, Secretario da “Fundación Menela”, CIF nº G-36685964, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, CP 36203 Vigo.

#### INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, actuando en representación da “Fundación Menela”, segundo así resulta da escritura de constitución e dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

#### EXPOÑEN

I.- Que a “Fundación Menela” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sufren enfermidade ou marxinación social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado.



II.- Que, a través de convenios como o presente, a “Fundación Menela” ven prestando un servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender ós seus compromisos de traballo, celebracións sociais, lecer, actos culturais, citas médicas, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este servizo para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL ).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa

*posible resolución anticipada por incumplimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

*VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.*

*VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,*

#### **ESTIPULACIÓNS**

*PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da "Fundación Menela" para a prestación dun servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc., consistente en estanzas de curta duración (entre 1 e 3 días) das persoas discapacitadas no edificio CAMI da "Fundación Menela", situado na rúa Laxe nº 3 de Vigo, onde, ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc., realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.*

*SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada da Área de Política de Benestar, e a "Fundación Menela" comprométese a colaborar activamente na execución do Programa de "Respiro Familiar". O réxime de prestación deste Servizo será o seguinte:*

- 1. Para o acceso ó mesmo, as persoas discapacitadas deberán estar empadroadas en Vigo, ter unha idade comprendida entre os 3 e os 50 anos e realizar a achega económica correspondente.*
- 2. As estancias poderán ser como mínimo de 1 día e como máximo de 3, en fins de semana, agás casos excepcionais que se atenderán calquera día da semana ata un máximo de seis, previa autorización municipal.*
- 3. Cada persoa usuaria poderá gozar como máximo de 6 estanzas ó longo da duración do convenio anual.*
- 4. O número máximo de persoas usuarias por estanza será de 4, atendidos por dous profesionais que permitan garantir a prestación do servizo.*
- 5. Agás excepción aprobada polo Concello, os fins de semana que se realice o servizo de "Respiro familiar", deberán estar as 4 estanzas/día cubertas.*
- 6. Realizaranse actividades turísticas e culturais na cidade de Vigo.*

*TERCEIRA.- O programa levarase a cabo durante todo o ano 2014 ata esgotar o importe total da subvención. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade “Fundación Menela” unha subvención para o exercicio de 2014 por importe de 8.000,00 € prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº: 2310.489.00.09).*

*CUARTA.- Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:*

- Un 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro do ano 2014, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

*QUINTA.- Este programa de “Respiro familiar” é cofinanciado pola Concellería de Política de Benestar e os beneficiarios do mesmo. O custo da estanza por usuario e día ascende a 167,92 €, incluíndo: aloxamento, manutención en réxime de pensión completa en cuartos dobres ou individuais e retribución a monitores.*

*A achega do usuario do servizo será do 26,79% da estanza (45,00 € persoa/día) e a achega municipal do 73,21% (122,93 € persoa/día).*

*Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán por conta da persoa usuaria (cafetería, compras...).*

*SEXTA.- Para a participación no Programa, as solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación, presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 15 días. A documentación que deberán achegar será a seguinte:*

- 1. Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade para a que se solicita o servizo.*
- 2. Autorización materna/paterna.*
- 3. Ficha de datos (cuberta e asinada) segundo o modelo adxunto.*

*No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por “renta per cápita”, tendo preferencia as de menor contía, agás as que a traballadora social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as demais. Para estes efectos, considérase que existe unha urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave ou hospitalización do coidador principal da persoa con discapacidade, ou situación análoga. Nos casos urxentes a estanza poderase prorrogar ata un máximo de 4 días.*

*A mes vencido, a “Fundación Menela” enviará ó Concello de Vigo unha relación das persoa usuarias na que se farán constar os datos de identificación, tipo de discapacidade, porcentaxe de minusvalía, data, hora de entrada e saída no programa e importe de cada usuario/a.*

*SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.*

*OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.*

*DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da “Fundación Menela” e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.*

*UNDÉCIMA.- A “Fundación Menela” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.*

*DUODÉCIMA.- A “Fundación Menela” poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria deberá xustificar antes do 30 de novembro de 2014 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.*

*Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

- *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
  - *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
  - *Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
  - *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
  - *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
    - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
    - *Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
    - *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.*

*Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMO NOVENA.- A "Fundación Menela" queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.*

*VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.*

*POLO CONCELO DE VIGO O ALCALDE – PRESIDENTE,  
Asdo.: Abel R. Caballero Álvarez*

*Perante mín,  
O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
(P.D. Resolucións do 19.09.2011 e 20.03.2013)  
Asdo.: Manuel Xosé Lorenzo Penela*

*POLA FUNDACIÓN MENELA,  
Asdo.: Cipriano Luís Jiménez Casas"*

**5(679).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA MIRADOR DE O CASTRO. EXPTE. 19659/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 24/06, do secretario da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación da concesión da explotación da cafetería Mirador de o Castro. Expte 19659-240, por no se ter presentado ofertas ao mesmo.

**6(680).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS “OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME NA AVDA. DO TRANVÍA DO PK3+140 A PK3+890”. EXPTE. 70546/250.**

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 1.07.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de contratación: Hordescon, S.L., por que supera-lo tipo de licitación. Acordada na Mesa de Contratación celebrada o 27-05-2014.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avda do Tranvia do PK 3+140 a PK 3+890. Expte 70546-250.

1. NAROM SL	99,42 puntos.
2. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	98,04 puntos.
3. O.T.C. FONTEFRIA S.L.U.,	96,18 puntos.
4. ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S L	94,48 puntos.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S L	85,27 puntos.
6. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	79,55 puntos.
7. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS S L	65,64 puntos.
8. MISTURAS, S A	13,42 puntos.

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar NAROM SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 647,92 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

**7(681).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE VIDA E ACCIDENTES DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 24360/220.**

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 1.07.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación da póliza de vida e accidentes do persoal ao servizo do concello de Vigo. Expte 24360-220 no seguinte orde decrecente:

- 1.- SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA 86,25 puntos.
- 2.- VIDACAIXA SA 79,47 puntos.
- 3.- GENERALI ESPAÑA 68,57 puntos.
- 4.- ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA 52,63 puntos.

En canto ao licitador SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA,

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 1353,10 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.



## **8(682).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXIANCIA DE CEDRO E UBAS. EXPTE. 88648/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 23/05, do secretario da Mesa de Contratación que figura fiscalizada en data 25/06/14:

*“A Mesa de Contratación celebrada o 23 de maio de 2014, acordou:*

### *7- Propostas de adxudicación*

- a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de Seguridade e Vixiancia de CEDRO e UBAS. (expediente 88648-301) .*

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*

### ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 16 de maio de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

### **2.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DA U.A.D. CEDRO E UBAS. EXPTE. 88648/301.**

*Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta de data 13/04/14, do secretario da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:*

*Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de contratación:*

*-Na sesión celebrada o 01 de abril de 2014 a proposta presentada por SERVICIOS SPR VILANOVA S. L., xa que xunto coa súa documentación técnica presentou presuposto desglosado do servizo no que pon de manifesto o prezo do contrato ofertado, polo que incumpre o disposto na cláusula 13 2 B do PCAP.*

*-Na sesión celebrada o 30 de abril de 2014 a proposta presentada por Compañía de Protección y Vigilancia Galaica S.A, xa que o licitador non conta coas habilitacións profesionais esixidas no apartado 6 F das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) para a instalación e mantemento de aparatos e sistemas contra incendios (presenta a da empresa empresa Vigilancia Galaica, S.L.) e para os servizos de conexión a centrais receptora de alarmas, verificación e transmisión das sinais de alarmas e a súa comunicación ás forzas e corpos de seguridade (presenta a da empresa Ralset Seguridad, S.L.) . Non son tidas en conta as habilitacións das empresas Vigilancia Galaica, S.L. e Ralset Seguridad, S.L., porque neste contrato de acordo co disposto no apartado 15 A das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) non procede a subcontratación.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación dos servizos de Seguridade e Vixilancia de CEDRO e UBAS. (expediente 88648-301) na seguinte orde decrecente:

1.- Eulen Seguridad, S.A. 100 puntos.

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar Eulen Seguridad, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

-Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

-Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 683,54 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 16 de maio de 2014, que presenta a documentación requirida en data 21 de maio de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar e a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segunda.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceira.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a Eulen Seguridad, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de Seguridade e Vixiancia de CEDRO e UBAS. (expediente 88648-301) por un prezo total de 133.584,00 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 23.184,00 € .

Así mesmo se compromete a incrementar o horario anual de prestación do servizo establecido no Prego de Prescricións Técnicas en 150 horas anuais de libre disposición para o Concello, que poderán ser utilizadas para atender ás necesidades puntuais de CEDRO e das UBAS e ás

*situacións imprevistas que poidan xurdir nestes servizos durante o prazo de execución do contrato.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a esta proposta do secretario da Mesa de Contratación.

**9(683).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A INELSA S.A. EXPTE. 3997/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 30/06/14, do xefe da oficina administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a INELSA, S.A., a fianza de 7.059,12 euros, constituída para responder de renovación dunha climatizadora e instalación de paneis solares na piscina municipal das Travesas, xa que os traballos foron recibidos mediante acta de 17 de novembro de 2010 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación, e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**10(684).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 5665/335.**

En cumprimento co establecido na Base 3ª, das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, vixente para o ano 2014, dáse conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes tramitados polo réxime de contrato menor, tramitados no Servizo de Festas durante o mes de xuño de 2014:

Expte: 5644/335. CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPOSICIÓN DE LONAS PARA A CUBRICIÓN DO ESCENARIO DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS

Decreto concelleiro data: 12/06/2014

Informe Intervención: RCM 35820

Adxudicatario: TOLDOS OURENSE SL

Importe total: 6.625,96 EUROS

Expte: 5661/335. CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓNS NO EDIFICIO ANEXO AO ESCENARIO DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS

Decreto concelleiro data: 27/06/2014

Informe Intervención: RCM 49271

Adxudicatario: CLAVIMAR GALICIA SL

Importe *total*: 10.200,30 EUROS



III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12.600,00 (doce mil seiscientos) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Mexillón 2014 no parque de Castrelos o vindeiro 1 de setembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5539/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas "El Olivo" comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Mexillón 2014, que terá lugar no parque de Castrelos, o día 7 de setembro de 2014, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DO MEXILLÓN 2014", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos donde teña lugar a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa organización da festa solicitando a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*

*2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.*

*3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2014".*

*4º.- Conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 12.600,00 (doce mil seiscientos euros) co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Mexillón 2014.*

*O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

Cuarto.- *O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES21 2080.5020.01.3040023621, da entidade bancaria NCB BANCO, S.A., da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

Quinto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Sexto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sétimo.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

Oitavo.- *A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

Noveno.- *A beneficiaria, no prazo dun mes a contar desde o remate da actividade subvencionada, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:*

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total de 13.100 €
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarásese en orixinal. As facturás cumprarán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.  
En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias

que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2014 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os



dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

O concelleiro da Área de O presidente da  
Cultura, Festas e Museos Federación de Peñas Recreativas "El Olivo"  
Cayetano Rodríguez Escudero Cándido Pais Martínez"

## **12(686).- BASES DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. EXPTE. 13146/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 23/06, do director deportivo, conformado polos concelleiros de Deportes e de Facenda, vistos os informes xurídico e de Intervención do 25 e 30/06/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras e da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da temporada 2013/2014.

Segundo.- Autorizar o crédito de 430.500,00€ (catrocentos trinta mil cincocentos euros), con cargo á partida orzamentaria 3410 489 00 00 "Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro" do vixente orzamento.

### "Bases e Convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2013/2014.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2014 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro", un crédito por un importe total de 430.500,00€ (Catrocentos trinta mil cincocentos Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar

*na financiación da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.*

*A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.*

*As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.*

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

*O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2013/2014.*

#### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

*Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas, Estes gastos poderán ter relación entre outros a gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamentos e comidas, arbitaxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da tempada 2013/2014, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 18.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións. As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada.*

*A tempada deportiva 2013/2014 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recadados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe que se axuntara á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.*

#### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 430.500,00€ (Catrocentos trinta mil cincocentos Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 "Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.*

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

*1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións nominais outorgadas pola Concellería de Deportes ás entidades consideradas de elite da cidade na tempada 2013/2014 para o desenvolvemento do seu proxecto xeral.*

*2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación*

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

#### QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2012-2013 ou 2013-2014.
- As entidades consideradas de elite subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2013/2014.

4. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional. Poderán ademais obter a condición de beneficiarias as entidades deportivas que cumprindo todos os requisitos establecidos, estean integradas en competicións "non federadas de ámbito nacional" con formato de liga, e de especial relevancia social.

5. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

6. Débedas coas Administracións Públicas:

- As entidades que soliciten subvencións por importe superior a 3.000,00€:
  - Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
  - Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achán ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria, o Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, consinte tal extremo.
- As entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€:
  - Acreditarán que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria, o Concello de Vigo e o IMD mediante a

*presentación dunha declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*En calquera dos casos, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.*

**SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

*1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:*

- α) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia da financiación municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.*
- β) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*
- γ) Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para o procedemento de concesión da subvención.*
- δ) Dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.*
- ε) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.*
- φ) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

**SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

*1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 115 puntos:*

*a) Actividades xeral da entidade solicitante:*

<i>a.1.</i>	<i>Relevancia da modalidade deportiva e nivel das competicións en que participen os equipos ou deportistas integrantes da entidade deportiva. Nas modalidades individuais, terase en conta a participación de deportistas en campionatos oficiais de nivel nacional e internacional nos que participen representando ó clube. A entidade deberá acreditar adecuadamente esta participación.</i>	<i>Ata 25 puntos</i>
<i>a.2.</i>	<i>Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase a repercusión mediática e social da actividade, o nivel deportivo dos participantes, o volume de actividade, o volume de espectadores, o interese público da actividade, o custo da actividade... Para a valoración, terase en conta o proxecto presentado, que incluírá, ademais, un orzamento de ingresos-gastos detallado.</i>	<i>Ata 30 puntos</i>
<i>a.3.</i>	<i>Participación en competicións non federadas con formato de liga, de ámbito nacional, e de especial relevancia e repercusión. Este criterio só terase en conta no caso de que a entidade alcance, polo menos, unha valoración de 10</i>	<i>Ata 15 puntos</i>

	puntos.	
--	---------	--

*b) Promoción do deporte base:*

<i>b.1.</i>	<i>Promoción da actividade deportiva na base; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas.</i>	<i>Ata 5 puntos</i>
<i>b.2.</i>	<i>Número de equipos e/ou deportistas de categoría feminina.</i>	<i>Ata 5 puntos</i>
<i>b.3.</i>	<i>Número de equipos e/ou deportistas ata categoría xuvenil incluída.</i>	<i>Ata 15 puntos</i>

*c) Estrutura da entidade deportiva:*

<i>c.1.</i>	<i>Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais dependentes do IMD. A entidade solicitante certificará o importe do gasto pola utilización de instalacións deportivas dependentes do IMD, autorizando á Concellería de Deportes a realizar as comprobacións posteriores oportunas.</i>	<i>Ata 10 puntos</i>
<i>c.2.</i>	<i>Desprazamentos a competicións oficiais, distancia e número de deportistas desprazados.</i>	<i>Ata 5 puntos</i>
<i>c.3.</i>	<i>Número de técnicos titulados no proxecto global do club. Na valoración deste criterio terase en conta a presentación das copias compulsadas dos títulos dos monitores/adestradores aos que se desexa incluír na valoración, xunto cunha certificación asinada polo secretario do club no que se constate o proxecto/equipo ao que se vincula cada monitor, coa sinatura e o Vº Bo do monitor.</i>	<i>Ata 3 puntos</i>

*d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 2 puntos. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade.*

*Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2013/2014, ou en calquera caso, no ano 2014 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.*

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.**

*1.- O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.*

*2.- O importe total da convocatoria se distribuirá entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.*

**NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

#### DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

3.- Coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

1. Anexos: Modelos e certificados de solicitude correspondentes ós anexos I de solicitude da subvención:

Anexo I.1	<u>Instancia de solicitude da subvención.</u>
Anexo I.2	<u>Certificado das competicións e categorías nas que participa.</u>
Anexo I.3	<u>Orzamentos de Ingresos e de gastos.</u>
Anexo I.4	<u>Declaración responsable.</u>

2. Outra documentación obrigatoria:

2.1.Certificado orixinal ou copia compulsada da Federación correspondente co número de licencias en cada categoría, por xénero, na tempada 2013/2014, ou do ano 2014 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

2.2.Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.

2.3.Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

2.4.Copia dos estatutos vixentes polos que se rexe a entidade.

2.5.Copia do D.N.I. do representante legal da entidade asinante da solicitude de subvención.

2.6.Proxecto das actividades da entidade, cos datos referentes ás actividades nas que participan e as que organizan, etc. (Competicións nas que participa, nº de equipos e/ou deportistas, categorías, desprazamentos, torneos ou competicións nos que participa ou aqueles que organiza e que colaboran na dinamización do deporte local...).

2.7.Calendarios oficiais das competicións nas que participa a entidade.

2.8.No caso de solicitar unha subvención por importe superior a 3.000,00€, deberán presentar, xunto coa solicitude, os Certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

#### **DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

1.- *Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas. A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.*

2.- *Publicidade das subvencións concedidas. As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.*

*Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.*

3.- *Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- *A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.*

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

5.- Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

6.-As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

7.- Transcorridos seis meses a partir do día seguinte ó da terminación do prazo de presentación das solicitudes sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a solicitude.

#### DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

#### DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

1.- As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 31 de outubro de 2014 (Incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibila subvención.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar:



- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluiranse os datos referentes ás competicións nas que participou a entidade, os equipos ou deportistas que a integran, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso,...).
- b) Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación):

Anexo II.1	Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
Anexo II.2	Declaración responsable
Anexo II.3	Balance de ingresos e gastos

b.1.- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros. As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

4º.- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

5º.- Instalacións Deportivas Municipais: En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais dependentes do IMD será suficiente o documento orixinal acreditativo dos gastos por este concepto emitido polo dito Organismo.

6º.- Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas

*as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.*

*7º.- Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada, por escrito, xunto a presentación da xustificación, e sempre previamente ó pago da subvención acadada.*

*b.2.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.*

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.**

*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.*

#### **DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencions.*

#### **DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

*1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.*

*2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencions de Galicia.*

#### **VIXÉSIMA.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIONES.**

*1. Perda do dereito ao cobro:*

- a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a*

*falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.*

- b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*
- c) A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

## *2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:*

- a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*
- b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

## *VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.*

*1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo. A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

## *VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.*

*A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real*

Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, 16 de xuño de 2014  
 Conforme  
 O Concelleiro Delegado de  
 Deportes Asdo. José Manuel  
 Fernández Pérez

O Director Deportivo do IMD  
 Asdo. Jose Ángel Otero Lamas

ANEXOS

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADE DEPORTIVAS TEMPADA 2013/2014			
Entidade			CIF:
Modalidade:			
Enderezo	Localidade:	CP:	
Teléfono	Fax:	E-Mail:	

E na súa representación, co cargo de:			
Apelidos:	Nome:	DNI:	
Enderezo:	Localidade:	CP:	
Tif 1:	Tif 2:	E-mail:	

SOLICITA,  
 da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de .....Euros, pola actividade desenvolvida pola entidade durante a Tempada deportiva 2013/2014.

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

<u>1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.</u>
<u>2. Anexo I.2: Certificado de competicións e categorías nas que participa, xunto co Certificado orixinal ou compulsado da Federación da modalidade co nº de equipos e/ou o nº de licencias en cada categoría.</u>
<u>3. Anexo I.3: Orzamentos de Ingresos e de gastos da Tempada 2013/2014.</u>
<u>4. Anexo I.4: Declaración responsable:</u>
<u>5. Proxecto de actividade.</u>
<u>6. Calendarios oficiais das competicións.</u>
<u>7. Copia dos Estatutos da entidade.</u>
<u>8. Copia do DNI do representante legal da entidade que asina a solicitude.</u>
<u>9. Certificados emitidos polas Administracións Públicas de estar ó corrente coas obrigas (Só para entidades que soliciten subvención por importe superior a 3.000,00€):</u>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tesourería Xeral da Seguridade Social.</li> <li>• Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.</li> </ul>
<u>10. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.</u>
<u>11. Copia do CIF da entidade solicitante.</u>

O/A que abaixo asina declara que:

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

A completar pola Administración	
Data de entrada	
Nº expediente	

Sinatura do solicitante    Selo da entidade

--	--

Vigo,        de        de 2014  
Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

<b>ANEXO I.2. (DEPORTES COLECTIVOS).-CERTIFICADO DE COMPETICIÓN NAS QUE PARTICIPA.</b>
--

<b>SOLICITUDE SUBVENCIÓN ENTIDADES DEPORTIVAS 2013-2014</b>	
Entidade:	CIF:
Modalidade:	

E na súa representación, co cargo de:			
Apelidos:	Nome:	DNI:	

Declaro que a dita entidade ten durante a tempada 2013-2014 as seguintes categorías e número de licencias segundo a modalidade deportiva de que se trate. Declaro que estes datos son certos baixo a miña responsabilidade.

<b>COMPETICIÓN OFICIAIS NAS QUE PARTICIPA A ENTIDADE</b>
--

<b>DEPORTES COLECTIVOS</b>				
Nome das categorías dos equipos*	Nº licencias por equipo	Xénero do equipo	Nº desprazamentos por equipo	Ámbito desprazamentos do equipo**
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				

\*Un equipo por fila en orden ascendente por idades.

**\*\*Especificar si o desprazamento é: Local / Autonómico/ Nacional durante a fase regular da competición.**

<b>ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>
<b>ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>
<b>RELACIÓN ACTIVIDADES***:</b>
•
•
•
•

**\*\*\*Cada unha das actividades relacionadas, para ser valorada, deberá ser acompañada dunha memoria detallada da actividade realizada na que se reflexarán todos os datos referentes ó seu desenvolvemento.**

Vigo a                      de                      de 2014

Sinatura do/a secretario/a	Conforme do/da presidente/a	Selo da entidade
----------------------------	-----------------------------	------------------

**ANEXO 1.2. (PARA DEPORTES INDIVIDUAIS).- CERTIFICADO DE COMPETICIÓN NAS QUE PARTICIPA**

<b>SOLICITUDE SUBVENCIÓN ENTIDADES DEPORTIVAS 2013-2014</b>			
Entidade:		CIF:	
Modalidade:			

<i>E na súa representación, co cargo de:</i>			
Apelidos:	Nome:	DNI:	

*Declaro que a dita entidade ten durante a tempada 2013-2014 as seguintes categorías e número de licencias segundo a modalidade deportiva de que se trate. Declaro que estes datos son certos baixo a miña responsabilidade.*

<b>DEPORTES INDIVIDUAIS</b>				
Categorías nas que participa	Nº licencias masculinas por categoría	Nº licencias femininas por categoría	Nº desprazamentos e media de deportistas desprazados	Ámbito dos desprazamentos do equipo**
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				

**\*Unha categoría por fila.**

**\*\*Ámbito dos desprazamentos: Indicar si é local, autonómico ou nacional durante a fase regular da competición.**

<b>RELACIÓN ACTIVIDADES***:</b>
•
•
•
•
•

\*\*\*Cada unha das actividades relacionadas, para ser valorada, deberá ser acompañada dunha memoria detallada da actividade realizada na que se reflexarán todos os datos deportivos e económicos referentes ó seu desenvolvemento.

Vigo, de de 2014

Sinatura do/a secretario/a	Conforme do/da presidente/a	Selo da entidade
<b>ANEXO I.3.-ORZAMENTOS DE INGRESOS E GASTOS TEMPADA 2013/2014</b>		

Don/Dna		DNI	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF.	

Certifica que os orzamentos de ingresos e de gastos para a tempada 2013-2014 son os seguintes:

CONCEPTO INGRESOS	IMPORTE
Ingresos socios	€
Ingresos patrocinadores	€
Concello de Vigo	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outros ingresos (Especificar cales)...	€
	€
	€
	€
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>€</b>

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos (Licencias e mutualidades)	€
Gastos Material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos aluguer instalacións	€
Outros gastos.....Especificar cales....	€
	€
	€
	€
	€
	€

	€
<b>TOTAL GASTOS</b>	€

Vigo, de de 2014

<i>Sinatura do/a secretario/a</i>	<i>Conforme do/da presidente/a</i>	<i>Selo da entidade</i>
-----------------------------------	------------------------------------	-------------------------

ANEXO I.4.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

<i>Don/Dna</i>		<i>DNI.</i>	
<i>Secretario/a da entidade deportiva</i>		<i>CIF</i>	

Declaro,

Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para a tempada deportiva 2013-2014:

<i>Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención</i>	<i>Importe solicitado</i>	<i>Importe concedido</i>
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

<i>*Marcar cunha X no recadro no caso de non ter solicitado ningunha subvención para a tempada deportiva 2013/2014</i>	
--	--

- |  |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que esta entidade deportiva non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</li> <li>•</li> <li>• Que segundo consta na acta nº .....da sesión da xunta directiva celebrada na ..... data ....., D/Dna..... con DNI: ....., figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.</li> </ul> |  |
|--|--|



- *No caso de haber solicitado unha subvención por importe inferior a 3.000,00€.: Certifico, marcando nesta casilla, que a entidade se atopa ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social, co Concello de Vigo e co Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, substituíndo esta declaración ós certificados emitidos por estes organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores necesarias.*

Vigo, de de 2014

Sinatura do secretario/a	Conforme o/a presidente/a	Selo da Entidade
--------------------------	---------------------------	------------------

**ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-**

Entidade		CIF	
Enderezo	Localidade		C.P.
Tef.	Fax	E-Mail	

Subvención concedida polo Concello de Vigo	€
Importe xustificado Base Impoñible	€ IVE €

Relación de facturas para a xustificación da subvención (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):

Nº da factura	Data exped. factura	CIF provedor	Explicación do gasto	*Base impoñible	* IVE

Suma e segue...

- *Tal como se reflexa no Art. 10.1.b.4 da normativa reguladora desta subvención, terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVA.*

**ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-**

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	Explicación do gasto	*Base imponible	*IVE
Suma anterior...				.....	.....

TOTAL	Base Imponible	€ IVE	€
-------	----------------	-------	---

D. \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_ tesoureiro/a da entidade  
 CIF: \_\_\_\_\_ certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de \_\_\_\_\_ € de base imponible e \_\_\_\_\_ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actividade subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de \_\_\_\_\_ de 2014

Conforme do/da Presidente/a	Sinatura do/da tesoureiro/a	Selo da entidade
-----------------------------	-----------------------------	------------------

**ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dna. _____	DNI: _____
Secretario/a da Entidade	CIF: _____

**DECLARA:**

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o IMD, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).



	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 2014

Sinatura do/da tesoureiro/a:	Conforme do/da Presidente/a:	Selo da entidade:

**13(687).- LISTAS DEFINITIVAS DE ADJUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTA DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, CURSO 2014-2015. EXPTE. 16206/332.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro de Educación de data 20/06/14, que di o seguinte:

*“Vista a proposta contida no informe do técnico superior do Servizo de Educación de data 20 de xuño de 2014, sobre reclamacións e listas definitivas de adjudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2014/2015 (expte. 16206/332).*

**RESOLVO:**

1. *Estimar, polas razóns expostas no informe técnico do Servizo de Educación de data 20/06/14 e incorporar aos respectivos expedientes a documentación aportada pola/os seguintes recurrentes: María de la Paz Gulías Lamas (Nº Rex. 140068772), incluíndoas, no listado de admitidos da EIM Bouzas que solicita en primeira opción cunha puntuación definitiva de 23 puntos. Rafael Gómez Alonso (Nº Rex. 140069832), incorporando, unha vez revisado o expediente, nos listados definitivos da EIM de Bouzas e a EIM Tomás Alonso, quedando na lista de agarda de ámbalas dúas escolas cunha puntuación de 15 puntos. Mª Isabel López Pardo (Nº Rex. 140070617), incorporandoa nos listados definitivos da EIM Bouzas cunha puntuación de 15 puntos, quedando en lista de agarda. Mercedes Díaz Gayoso (Nº Rex. 140070726), incorporandoa, unha vez revisada a baremación, na lista definitiva de agardada EIM Atalaia cunha puntuación de 16 puntos. Mauro Rodríguez de Becerra (Nº Rex. 140070829), incorporando, nos listados definitivos da EIM Bouzas, quedando en lista de agardada cunha puntuación de 11 puntos. Vanesa Rodríguez Rey (Nº Rex. 140071147), incorporando ao expediente do alumno a documentación presentada para informe do Equipo de Atención Temprana. Manuel Ángel Lores Infante (Nº Rex. 140072335), aceptar a revisión da baremación, resultando unha taxa de 32,24 € e unha puntuación de 17 puntos. María Rodríguez Núñez (Nº Rex. 140072929), aceptar a revisión da baremación, resultando exenta de taxa e unha puntuación de 22 puntos.*
2. *Desestimar, polas razóns expostas no informe do técnico do Servizo de Educación de data 20/06/14, a reclamación presentada por: María Figueras Lamas (Nº Rex. 140069759).*
3. *Aprobar a adjudicación das seguintes prazas, que estaban condicionadas por falta de documentación e que completaron durante o período de reclamacións: Guadalupe Misa*

*González, cunha puntuación definitiva de 21 puntos, Hugo Montes Cabreira, cunha puntuación definitiva de 27 puntos, Kiara Ramirez Saravia, cunha puntuación definitiva de 19 puntos, Laura González Piteira, cunha puntuación de 18 puntos, Xoán e Pedro Granda Velasco, cunha puntuación definitiva de 24 puntos, Xulía Rosaía Domínguez González, cunha puntuación definitiva de 24 puntos, Irene Álvarez Paz, cunha puntuación definitiva de 12 puntos, Samuel Taboada Hermida, cunha puntuación definitiva de 17 puntos, Catalina Rocha Couso, cunha puntuación definitiva de 17 puntos, Iván López López, cunha puntuación definitiva de 17 puntos, Nicolás Álvarez Fariñas cunha puntuación definitiva de 20 puntos, Sarela e Alexandra Estévez Míguez, cunha puntuación definitiva de 18 puntos.*

- 4. Se rexeitan as seguintes prazas, que estaban condicionadas por falta de documentación e que non a completaron ou que non cumpren os requisitos establecidos nas Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2014/2015: Lilyan Gaber Hashem Gaber Ahmed, Efrain Josue Somarriba Reyes, Jade Brea Fernández, Isabel Bahillo Portela, Victoria Fátima Alassan Adama.*
- 5. Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Tomás Alonso e Bouzas para o curso 2014-2015 que se inclúen no expediente.*
- 6. Ordenar a publicación das listas citadas no taboleiros de anuncios das Escolas Infantís Municipais e na páxina web municipal.*
- 7. Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen presuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente Resolución do concelleiro-delegado de Educación.

**14(688).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA DESAFECTACIÓN DE USO EDUCATIVO DO LOCAL SITO NA RÚA PALENCIA Nº 34 E O LOCAL SINTO NA RÚA NOGAL Nº 8. EXPTE. 16205/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe de área de Servizos Xerais de data 20/06/14, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a desafectación do uso educativo dos inmobles no que se ubicaban as antigas escolas de educación infantil PALENCIA (número 34 da rúa Palencia) e NOGAL (número 8 da rúa Nogal), consonte co establecido no Art.1 Par1 do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo

que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal e Orde do 4 de xuño de 1987 de Ministerio de Educación, co fin de poder ser utilizados por asociacións benéficas da cidade e sen ánimo de lucro.

**15(689).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO-ANO 2014. EXPTE. 10969/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 25/06, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro de área e polo concelleiro de Facenda; visto o informe de fiscalización do 27/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro”, correspondentes ao ano 2014 que se achegan no Anexo I do expediente..

Segundo.- Aprobar, o gasto, por importe de 795.000,00 € (setecentos noventa e cinco mil euros), con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 denominada “PROGRAMA DE AXUDAS AO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL”, do vixente exercicio presupostario (2014).

Terceiro.- Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes.

“CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO.

**PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS**

*Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sin ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidade de montes e as entidades empresariais, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o 1 de xuño ao 31 de outubro de 2014. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.*

A efectos da presente convocatoria, e coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades as que va dirixida, se convocan os programas que deseguido se relaciona en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- Programa I: “Entidades veciñais e culturais”
- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”
- Programa III: “Organizacións sindicais”
- Programa IV: “Entidades empresariais”
- Programa V: “Comunidades de Montes”.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, agás ao persoal contratado polas entidades con cargo á convocatoria de subvencións municipais para o Fomento do Emprego de 2013 e que continuen contratadas na entidade.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, empresariais e as comunidade de montes, para mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dis mais desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), agás aquelas que foran receptoras de axudas na convocatoria do 2013 e teñan iniciado o trámite de inscrición no servizo de Participación Cidadá que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de

actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

- Programa I: “Entidades veciñais e culturais” epígrafes 10.1 e 10.5.
- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” epígrafes 1, 2, 3 e 4.
- Programa III: “Organizacións sindicais” epígrafes 5.1
- Programa IV: “Entidades empresariais”. epígrafes 5.2
- Programa V: “Comunidades de Montes”. epígrafe 10.7

#### SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
5. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.
6. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.
7. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
9. “Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado “Asociacións en rede” (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario de cada entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar agás os do persoal contrato polas entidades con cargo convocatoria de subvencións municipais para o Fomento do Emprego de 2013 e o persoal da entidade solicitante imprescindible para o desenvolvemento das actividades solicitadas, conforme a base terceira apartados 2 e 4.”
10. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, nos supostos do apartado anterior.

#### TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das contratacións ou mantemento das realizadas nas iniciativas municipais de Fomento do Emprego 2013, para o desenvolvemento das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos



subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de abril e outubro que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

1- Programa I: “Entidades veciñais e culturais” epígrafes do RMA 10.1 e 10.5.:

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” epígrafes 1, 2, 3 e 4.

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a carga da entidade de persoal da entidade, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

3.- Programa III: “Organizacións sindicais” epígrafes 5.1

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

4.- Programa IV: “Entidades empresariais” epígrafes 5.2

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a carga da entidade de persoal da entidade, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

5.- Programa V: “Comunidades de Montes” epígrafes 10.7

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.

- *Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade*

*En ningún caso serán subvencionables:*

- *intereses, recargos e sancións administrativas e penais*
- *os gastos de procedementos xudiciais*

*En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

#### **CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

*a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2014) é de 795.000,00 € (setecentos noventa e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos do seguinte xeito:*

*1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 150.000,00 € (ciento cincuenta mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.*

*A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.*

*2.- Programas II “Entidades sociais e asistenciais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.*

*A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.*

*3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 100.000,00 € (cen mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.*

*A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.*

*4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.*

*A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.*

*5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.*

*b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.*

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

#### QUINTA.- ANTICIPO A CONTA.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.”

#### SEXTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

#### SÉTIMA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

## 2- Con carácter xeral:

- *A non xustificación ou xustificación fora de prazo das subvención do ano anterior.*
- *Aqueles solicitudes de subvención cando sexan achegadas por entidades que non estean debidamente inscritas nos epígrafes establecidos nos programas do Rexistro Municipal de Asociacións.*
- *Aqueles solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vixente exercicio orzamentario.*
- *Cando no vixente orzamento municipal exista consignación nominativa a favor da asociación para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos Programas subvencionables nesta convocatoria, desestimaranse as solicitudes do/s referido/s Programa/s.*
- *En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias*
- *Cando a entidade non atende, no prazo de dez (10) días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta propondrá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s*

### OITAVA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. *Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.*
2. *Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*
3. *Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo VI aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2014, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.*
4. *Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira*
5. *Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*
6. *Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.*
7. *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.*
8. *Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.*
9. *Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

#### NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

a) Anexo I "Solicitud": Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas,

e) Anexo V: "Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2014".

f) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

g) Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran.

No será preciso a súa presentación, no caso dos certificados de non ter débedas pendentes coas administracións estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

f) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

1- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

2- O departamento convocante pode requirir, canda outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

3- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai terásele desistido da súa petición previa resolución.

4- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desistimento que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

#### NOVENA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos do art. 48 da LRXAP e PAC.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da mesma.

#### DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

- a) Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego: Ata 10 puntos.  
Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
- b) Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.- Ata 10 puntos.
  - a) Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
    - a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais
    - b) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.
    - c) Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.

- d) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención
- e) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
- f) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración
- g) No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.
- c) *Calidade e cantidade dos contratos.-* Ata 30 puntos.
- a) Número de beneficiarios/as 1 punto por contrato.
- b) O tempo de duración do contrato:
- a) 2 meses 1,00 puntos por contrato.
- b) 3 meses 1,50 puntos por contrato.
- c) 4 meses 1,75 puntos por contrato.
- d) 5 meses 2,00 puntos por contrato.
- c) Xornada:
- a) Completa 1,00 puntos por contrato
- b) Reducida superior ao 50% da xornada 0,75 puntos por contrato
- c) Reducida inferior ao 50% e superior ao 15% 0,50 puntos por contrato
- d) Reducida inferior ao 15% 0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

A non xustificación da subvencións outorgadas no 2013 polo procedemento de concorrencia competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

2- Pola xefatura do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

- *2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico do mesmo.*
- *1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.*

*O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.*

*A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.*

*Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.*

*5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.*

*6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.*

*7- O órgano instrutor poderá modificar á baixa o periodo de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores e traballadoras que se vaian subvencionar, segundo entenda xustificadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.*

*A proposta de modificación realizarase en base a seguinte prelación:*

- 1. Redución da xornada laboral do persoal a contratar ata un mínimo do 50 %"*
- 2. Redución do porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto"*
- 3. Redución do periodo de contratación sempre que non desvirtue os obxectivos do proxecto presentado.*
- 4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar".*

*8- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de tres meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterà a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.*

*9- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC.*

*No caso de optar pola notificación, en todo caso, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, publicaranse no BOP as subvencións concedidas, individualmente consideradas, cuxo importe sexa de contía superior a 3.000 €, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado. As que non superen dita contía serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web do Concello.*



*Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.*

*10- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 43.3.b) la Lei 30/92 ao respecto.*

*11- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.*

*12- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando conclusivo o/s procedemento/s correspondente, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vindeiro exercicio presupostario.*

*13. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

*A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria e unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

- *Memoria de actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:*
  - *Denominación*
  - *Financiamento.*
  - *Contratacións realizadas:*
    - *Novas contratacións:*
      - *Denominación do/s posto/s.*
      - *Perfís profesionais*
      - *Persoas contratadas.*
      - *Periodo de contratación.*
      - *Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.*

- *Contratos prorrogados Plan Municipal de Empleo 2013:*
  - *Denominación do/s posto/s.*
  - *Perfís profesionais*
  - *Persoas con contratos prorrogados.*
  - *Periodo de contratación.*
  - *Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.*
- *Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:*
  - *Denominación do/s posto/s.*
  - *Perfís profesionais*
  - *Persoas asignadas ao proxecto.*
  - *Periodo de traballo.*
  - *Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.*
- *Nos cursos de formación realizados ao persoal contrato con cargo á subvencións explicitarase:*
  - *Programa do curso.*
  - *Horas de formación.*
  - *Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- *Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.*
  - *Datas e lugar de celebración.*
  - *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.*
- *Memoria de prensa e comunicación.*
- *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.”*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:*

- *Copia autenticada do contrato.*
- *Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- *Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.*

*En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.*

*Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar fotocopia compulsada da resolución de concesión das mesmas.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES**

*No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

*As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego,*

*Participación Cidadá e Voluntariado, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- ABOAMENTO**

*O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificada.*

*Antes de proceder ao pago das subvencións, a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, noutro caso a acreditación deberá facerse conforme o sistema xeral a través de certificados que prevé o artigo 22 do R.D 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.*

#### **DÉCIMO SEXTA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIONS**

*a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:*

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido*
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.*
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións*
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento*
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases*
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.*
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.*

*O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.*

*No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.*

*b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.*

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### DÉCIMO SÉTIMA- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

#### DÉCIMO OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
2. Tres vocais:
  - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
  - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.

- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

#### DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA.- A presente convocatoria, cuxa contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

Conforme co texto do convenio proposto se asina o mesmo  
Vigo, data da sinatura dixital  
O xefe de Desenvolvemento Local e Emprego  
Francisco J. Gutiérrez Orúe

Conforme:

O Concelleiro de Emprego,  
Participación Cidadá e Voluntariado.  
Santos Hector Rodríguez Díaz

O Concelleiro de Economía e Facenda  
PD  
Carlos López Font

#### **16(690).- PROXECTO DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA RÚA RONDA DE DON BOSCO, DE EDUARDO IGLESIAS E VELÁZQUEZ MORENO”. EXPTE. 2546/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 24/06, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado; visto o informe da Intervención do 25/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto para executa-las obras de Renovación das redes de abastecemento e saneamento da rúa Ronda de Don Bosco, de Eduardo Iglesias e Velázquez Moreno., por un importe total de 509.155,25 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os costes asociados ao proxecto por importe de 21.371,68 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

Redacción do proxecto .....	8.557,23 €
Asistencia técnica.....	8.557,23 €
Coordinación de seguridade e saúde.....	2.139,31 €

Suma.....	19.253,77 €
11 % Gastos Xestión.....	2.117,91 €
Total (IVE excluído).....	21.371,68 €

**17(691).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DE COMISSIONS OBREIRAS (CC.OO) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE E MANTEMENTO PARA O 2014.EXPTE. 6595/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 09/06, da técnica de Xestión, conformado polo xefe do servizo e polos concelleiros de área e de Facenda; vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 25 e 30/06/2014, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890003, denominada “Convenios CC. Sindicais”, incluída no vixente orzamento municipal prorrogado, a favor do sindicato Unión Comarcal de Comisións Obreiras CC.OO de Vigo.

Segundo.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo (CIF.- G-15103112) que figura no expediente, cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e realizadas pola entidade entre o 01/01/14 e o 31/10/14, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos que xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, conceder á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE COMISSIONS OBREIRAS (CC.OO) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014, ASÍ COMO, DO MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce*

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> Amelia Pérez Álvarez con DNI 78734833-Z, en calidade de Secretaria de Organización da Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, con CIF: G-15103112 e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6595/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

## MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da

xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.



IV.- Que a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, de conformidade coa “definición de principios” e art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade , a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a Unión

Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 487/96.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificadas para o ano 2014, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2014 segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo para o 2014, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2014 (XANEIRO-OUTUBRO)		
Servizo de Atención Cidadá		18.077,47 €
Xornadas	“A realidade da recuperación económica”	697,18 €
	“¿É xusto outro modelo de xestión sanitaria”	697,18 €
	“A desigualdade social no noso país”	697,18 €

	TOTAL	20.169,01 €
--	-------	-------------

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV (“Transferencias correntes”) do seu vixente orzamento municipal prorrogado, a partida orzamentaria nº 9240.4890003, denominada “Convenios CC. Sindicais”. Nos mesmos termos e contía se contempla no orzamento municipal de 2014, aprobado inicialmente en sesión plenaria extraordinaria, con data 02/05/14.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade entre o 01/01/14 ao 31/10/14, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.

8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890003, denominada "Convenio CC. Sindicais", do vixente orzamento municipal prorrogado, co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade comprendidas entre o 01/01/14 e o 31/10/14, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato para o 2014.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.

5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.

- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a

*pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

*- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

*h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, estará visible, durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no 2014 entre xaneiro e outubro.*

*Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5040 53 3040011880 (Novagalicia Banco)*

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.*

*Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei*

de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.

Polo Concello de Vigo:  
O Alcalde,

Abel Caballero Álvarez

Pola Unión Comarcal de Comisións Obreiras  
(CC.OO) de Vigo:  
A Secretaria Xeral,  
Amelia Pérez Álvarez"

**18(692).- ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE CALDAS DE REIS 1, DE COTAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS POR IMPORTE DE 1.950 €, DA VIVENDA CEDIDA POLO IGVS. EXPTE. 315/242.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.06.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 19.06.14, conformado polo xefe de Patrimonio e a concellería de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios de Caldas de Reis 1, a cantidade de 1950,00 € euros, euros, correspondente a debida pendiente por parte do Concello, dende xulio



de 2013 ata xulio ( incluído) de 2014, polo importe de cuotas ordinarias ( 650,00€) e cuotas extraordinarias de rehabilitación de fachada (1.300,00€) da vivenda cedida polo IGVS na rúa Caldas de Reis 1 2º A, destinado a aloxamento alternativo de persoas en situación de emerxencia social.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

**19(693).- PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE CEMITERIOS, MAIO-2014. EXPTE. 25362/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 16/06, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro de área; visto o informe de fiscalización do 18/06/14, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Abril de 2014, e que ascenden a un total de 1.161,16 €, con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE

**20(694).- GRATIFICACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL, SERVIZO DE CEMITERIOS, MAIO-2014. EXPTE. 25361/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 16/06, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro de área; visto o informe de fiscalización do 18/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por D. José Luís Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Ríos, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de xaneiro 2014 e que ascenden a un total de 1.105,40€, con cargo á partida presupostaria 922 0 151 00 00-Gratificacións.

**21(695).- FESTIVIDADE E NOTURNIDADE DO PERSOAL DE DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS, MAIO-2014. EXPTE. 25363/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 16/06, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro de área; visto o informe de fiscalización do 18/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Abonar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ao persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

Servizo	Mes	Nome	Importe Festv	Importe	Total €
Cemiterios	Maio 2014	De Alfonso Paz, Jesus a Vilanova Acuña, Delmiro	2.477,33 €	0,00 €	2.477,33 €
S.E.I.S	Maio 2014	De Aguirre Rodriguez, Manuel a Villar Dominguez Mnauel	2.673,30 €	440,64 €	3.113,94 €
Policia Local	Maio 2014	De Abalde Casanova; Jesus Ivan aVivero Mijares, Juan Guillermo	50.518,63 €	28.134,32 €	78.652,95 €
Museo Quiñones de Leon	Maio 2014	De Ogando Lopezx, Jose Mnauel a Gonzalez Bello Andres	408,03 €	0,00 €	408,03 €
Parque Central	Maio 2014	DE Aira Lopez, Emilio a Rodriguez Leiros, Alfonso	992,94 €	758,88 €	1.751,82 €
limpeza	Maio 2014	De Fernandez Perez Fernando a Riveiro Cea, Lidia Maria	112,56 €	10,88 €	123,44 €
Alcaldia (conductores)	Maio 2014	De Costas Fernandez, Basilio a Fontan Balbuena, Camilo	667,32 €	130,56 €	797,88 €
Conserxeria	Marzo 2014	Pablo Diaz Alvarez	16,08 €	0,00 €	16,08 €
Participacion Ciudadada	Maio 2014	Zaragoza Bastos; Juan	213,06 €	0,00 €	213,06 €
IMD	Abril 2014	Alves Cerqueira, Antonio	241,20 €	0,00 €	241,20 €
IMD	Maio 2014	Alves Cerqueira, Antonio	120,60 €	42,16 €	162,76 €
Parque mobil	Maio 2014	De Alonso Gonzalez, Angel a Troncoso Martinez Avelino	345,72 €	114,24 €	459,96 €
			58.786,77 €	29.631,68 €	88.418,45 €

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 88.418,45 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

### **22(696).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, MAIO-2014. EXPTE. 25359/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 16/06, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro de área; visto o informe de fiscalización do 18/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase ao persoal adscrito ao Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Maio-2014 e que ascenden a un total 599,41€, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

### **23(697).- RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL DO ACORDO X.GOVERNO LOCAL 30.05.14 SOBRE GRATIFICACIÓN DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS-ABRIL 2014. EXPTE. 25414/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 24/06, da técnica de Formación, conformado pola xefa e polo concelleiro de área; visto o informe de fiscalización do 18/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Rectificar o erro materia detectado no acordo da XGL de data 30/05/2014, sobre "Gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual do persoal do servizo de cemiterios correspondentes ao mes de abril de 2014 (25274/220), onde di no acordo "unha vez deducida a cantidade de 152´10€ a cada un deles", debe dicir "unha vez deducida a cantidade total de 152,10 €".

**24(698).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DUAS DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO EBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 25309/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 16/06, do técnico de Organización, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro de área; visto o informe de fiscalización do 27/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. PATRICIA FERNÁNDEZ CAMBRA, DNI 77.005.279-Z, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81, Diplomado/a en Traballo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Terceiro.- A xornada laboral da traballadora nomeada, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Cuarto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa nos supostos, termos e condicións do previsto nos arts. 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/88, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**25(699).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO SR. CONCELLEIRO-DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

**A) SOBRE EXECUCIÓN URXENTE DE SENTENZA Nº 363, DO 22 DE MAIO, DICTADA POLO XULGADO DO SOCIAL Nº 4-REFORZO NO PROCEDIMENTO 1042/2013 (Mª ASUNCIÓN PÉREZ GONZÁLEZ). EXPTE. 24348/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión municipal, do 09.06.14, que di o seguinte:

*“PRIMEIRO.- Executar con carácter urxente a Sentenza nº 363, do 22 de maio, dictada polo Xulgado do Social nº 4 reforzo de Vigo no procedemento de dereitos fundamentais nº 1042/2013 (Mª Asunción Pérez González) nos termos do indicado pola Asesoría Xurídica Municipal ,(Xefatura do Servizo Contencioso) en oficio de data 09/06/2014, e en consecuencia dispoñer o abono do importe de 17.075,65 euros en concepto de indemnización, en cuxo caso se entenderá extinguida a relación laboral con efectos do día 31/07/2013, debendo imputarse o custe á aplicación orzamentaria 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais”, nos termos do que se estableza na preceptiva fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*Dita indemnización deberá facerse efectiva na conta de depósitos e consignacións nº 3629-0000-65-1042-13 Xulgado do Social nº 4 reforzo Vigo, BANESTO, Rúa Coruña 36 (Vigo).*

*SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Social nº 4 reforzo de Vigo aos oportunos efectos, a través da Asesoría Xurídica Municipal, notificando asemade á recorrente, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Promoción económica, participación cidadá e emprego, Sr. Xefe do servizo de participación cidadá, Intervención Xeral Municipal e Xefatura da Área de Réxime Interior, aos efectos que procedan, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**B) SOBRE AUTORIZACIÓN REDUCCIÓN E XORNADA A Dª SOLEDAD GARCÍA RIVEIRO. EXPTE. 25342/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión municipal, do 24.06.14, que di o seguinte:

*“Único.- Autorizar a Dª Mª Soledad García Riveiro, con DNI nº 36.102.999-Z e nº persoal 79159, administrativa, adscrita ao Servizo de Medio Ambiente unha redución de xornada de 2 horas coa correspondente redución de retribucións de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, dende o 7 de xullo de 2014 ata o 22 de xaneiro de 2015.*

*A presente resolución notifíquese á interesada, Sr. Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**C) SOBRE AUTORIZACIÓN DE PERMISO NON RETRIBUIDO A D<sup>a</sup> JUANA M<sup>a</sup> RAMIRO GARCÍA. EXPTE. 25316/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión municipal, do 09.06.14, que di o seguinte:

*"Primeiro.- Autorizar a D<sup>a</sup> Juana M<sup>a</sup> Ramiro García, con NIF 35.987.254-M e núm de persoal 8906, administrativa de administración xeral, adscrita ao Servizo de Tesourería Municipal, un permiso sen soldo durante o mes de xullo de 2014 por asuntos persoais, de conformidade co previsto no art.17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Sr. Tesoreiro Municipal, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

*Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**D) SOBRE PREVISIÓN DE HORAS EXTRAS PARA LOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO CONCELLERÍA DE FOMENTO (VIAS E OBRAS-INSPECCIÓN DE OBRAS). EXPTE. 25367/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión municipal, do 17.06.14, que di o seguinte:

*"PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Servizo de Vías e Obras, que seguidamente se indica:*

- Raimundo Villar Estévez (nº persoal 11682),*
- Julio Gómez Pascual (nº persoal 11819),*
- Benito Barciela Simón (nº persoal 13617),*
- Eugenio Matilde Viñas (nº persoal 11831),*
- Benigno Salgueiro Piñeiro (nº persoal 10694),*
- Ventura Oujo Gerut (nº persoal 17740).*

*A presente autorización outórgase nun máximo total de 360 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2014, nos termos do escrito asinado*

polo xefe do servizo de Vías e Obras en data 05/06/2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e normativa de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 20 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **E) AUTORIZACIÓN HORAS TALLER VIAS E OBRAS (SUBMINISTRO COMBUSTIBLE XUÑO 14). EXPTE. 25317/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión municipal, do 09.06.14, que di o seguinte:

“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Parque Móbil, que seguidamente se indica:

- Antonio Gil González (nº persoal 12753),
- Ángel Alonso González (nº persoal 80679),
- José Luis Amoedo Moreira (nº persoal 22467),
- Francisco Javier Agulla Amorín (nº persoal 78822),
- Alfonso Puente Veiga (nº persoal 80454),
- Emilio Martínez Bastos (nº persoal 23260)
- Jesús Carballo Magariños (nº persoal 80659),
- José Riveiro Rodríguez (nº persoal 9159),
- Juan Martínez Garcia (nº persoal 81986).

A presente autorización outórgase nun máximo total de 195 horas estimado a realizar durante os meses de abril, maio e xuño de 2014, nos termos dos escritos asinados polo xefe do Parque Móbil en data 17 de marzo de 2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e normativa de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada

*efectivo municipal non poderá superar o número de 20 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**F) ANULACIÓN DA REDUCCIÓN DE XORNADA ANTERIOR E SOLICITUDE DE REDUCCIÓN XORNADA UNHA HORA A D<sup>a</sup> MÓNICA MURADAS GARRIDO. EXPTE. 25343/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión municipal, do 16.06.14, que di o seguinte:

*“Primeiro.- Deixar sen efecto a resolución de data 10/01/2014, de redución de xornada autorizada á subalterna adscrita ao Servizo de Benestar Social, D<sup>a</sup> Mónica Muradas Garrido, con DNI nº 36.107.693-Q e nº persoal 79397,*

*Segundo.- Autorizar unha nova redución de xornada á citada empregada, consistente na redución da súa xornada laboral en 1 hora, con efectos a partir do día 16/06/2014, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Emprego Público.*

*A presente resolución notifíquese á interesada, Xefe da Área de Benestar Social, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**26(700).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A M<sup>a</sup> JOSÉ CRUCES DOMÍNGUEZ. EXPTE. 89631/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27/06/14, da xefa de Seguridade, conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 28 de maio de 2014 por M<sup>a</sup> José Cruces Domínguez, con NIF 36071221-E por un importe de 500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública polo evento no Xardín de Manuel de Castro, por non producirse danos.

**27(701).- ADDENDA Nº 3 AO CONVENIO SUBSCRITO POLA XUNTA DE GALICIA, AUGAS DE GALICIA, E O CONCELLO DE VIGO CON AGUAS DE LAS CUENCAS DEL NORTE S.A., COMO USUARIOS DA ACTUACIÓN HIDRÁULICA “SANEAMIENTO DE VIGO”. EXPTE. 2494/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do asesor xurídico de áreado 20/06, o informe de fiscalización do 23/06 e, visto así mesmo o informe-proposta do 23/06, da técnica de xestión, conformado polo xefe de área e polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ao Borrador da Adenda nº 3 ao Convenio suscrito pola Xunta de Galicia, Organismo Autónomo Augas de Galicia (agora, entidade pública empresarial Augas de Galicia) e o Concello de Vigo con Aguas de las Cuencas del Norte, S.A. (agora, Aguas de las Cuencas de España, S.A.), como usuarios da actuación hidráulica “Saneamento de Vigo”, con data 2 de agosto de 2010, nos termos do documento que consta no expediente, coa seguinte observación:

-Que sumados os importes das novas anualidades de financiamento propostas compróbase que existe unha diferenza de 1.000 euros sen xustificación algunha en relación cos compromisos de gasto adquiridos polo Concello, polo que faise constar que o compromiso de gasto desta Administración é por importe total de 13.655.000 euros (que figura expresamente no Convenio de 02/08/2010 e no total do Borrador da Adenda que se propón); en consecuencia, non se asume a diferenza resultante da suma do importe das anualidades de financiamento propostas.

Segundo.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde-Presidente para que en representación deste Concello proceda á sinatura da citada Adenda nº 3.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, á Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, á Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A. e á concesionaria do servizo público de abastecemento e saneamento AQUALIA, aos efectos oportunos.

**28(702).- RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE FORMULADA POLA EMPRESA GOMEZ ULLA S.L. NA DATA 28.06.12 EN RELACIÓN CON PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO DE DESAHUCIO. EXPTE. 315/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 30/05/14, do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES.-



O día 28 de xuño de 2012 o representante legal da entidade "Aparcamientos IC Gómez Ulla, S.L.", presenta no Rexistro Xeral do Concello a correspondente solicitude interesando a tramitación do expediente de desahucio administrativo e posterior lanzamento, en caso que fose necesario, dos seguintes ocupantes dos locais comerciais integrantes da concesión administrativa da que é titular:

- Adolfo Antonio Núñez Román, respecto do local que ocupa no aparcamiento da rúa Coruña destinado á venda e montaxe de cociñas.
- A entidade "Tecnología Víguesa, S.A." e a quenes dín traer título desta "Neumáticos del Berbés" e "Recalvi, S.L." respecto ós seis locais que ocupan no aparcamento da rúa Venezuela.
- Manuel Núñez Arias respecto do local que ocupa no aparcamento da rúa Venezuela.

Perante a desestimación por silencio administrativo da pretensión, o 28 de novembro de 2012 presenta recurso contencioso-administrativo no que se dicta Sentenza o 4 de decembro de 2013 estimando parcialmente a demanda e se condena ó Concello ó inicio do procedemento administrativo de desahucio sobre a declaración de extinción ou caducidade dos títulos que outorgan o dereito de utilización dos bens de dominio público integrantes da concesión administrativa de dominio público dos aparcamentos subterráneos situados na Praza de Fernando el Católico e nas rúas Venezuela e Coruña, solicitado por IC Gómez Ulla, S.L. o 28 de xuño de 2012. Sentenza da que se da conta á Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 17 de xaneiro de 2014.

Unha vez recibida a documentación correspondente na Área de Fomento, que asume as competencias na tramitación dos expedientes relativos ós aparcamentos da cidade, o día 24 de marzo de 2014 por Resolución do Concelleiro Delegado se remite ó Xefe da Área de Contratación para que proceda, no tempo máis breve posible, ó inicio do expediente ó que obriga a Sentenza recaída no procedemento P.O. 377/2012.

O día 4 de abril de 2014 teñen saída os correspondentes escritos polos que se concede ós ocupantes dos locais o correspondente trámite de audiencia para que aporten cantos feitos e documentos estimasen por conveniente na defensa dos seus dereitos, para o cal se adxuntaba copia do escrito inicial do procedemento de 28 de xuño de 2012, significándolles que durante o prazo de 15 días terían á súa disposición o expediente íntegro nas oficinas de Contratación do Concello. De dito trámite dáse conta á solicitante por oficio de saída de 7 de marzo de 2014.

E de significar que non se puido realiza-las notificacións remitidas a D. Manuel Núñez Arias por atoparse ausente, a pesares do cal se continúa a tramitación do expediente coa finalidade de non demora-la resolución do mesmo ó ter en conta que tampouco compareceu no proceso contencioso, sen prexuízo de proceder a efectua-la correspondente notificación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Adolfo Antonio Núñez Roman e Tecnología Víguesa S.A., presentan os seus escritos de alegacións os días 28 e 30 de marzo de 2014 respectivamente.

#### FUNDAMENTOS DA SOLICITUDE DE APARCAMIENTOS IC GÓMEZ ULLA S.L.

Entre outras e no que afecta ó fondo da cuestión, expresan:

1.- Que son titulares da Concesión por ter adquirido de "Inmogestora Hispánica del Suelo S.L." o dereito de remate nun proceso xudicial admitida por Resolución Xudicial de 17 de Xuño de 2010

e recoñecida polo Concello de Vigo por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de marzo de 2011 e intentada a toma de posesión dos locais referenciados con resultado negativo, instan o desahucio administrativo e posterior lanzamento dos seus ocupantes.

O Prego de condicións expresa:

“Art. Sétimo.- Será admisible a renovación por cesión dos dereitos do concesionario a outra persoa natural ou x

jurídica, debendo o novo concesionario reunir a xuízo do Concello, condicións e garantías análogas ás esixidas ó adxudicatario previa anuencia da Corporación.

Art.- Undécimo.- *Proposicións*

3.6.- O centro comercial que se poda proxectar non superará o 10% da superficie do garaxe aparcamento, con límite máximo de 1.000 m2.

3.8.- O uso comercial que se proxecte preverá un canon a percibir polo Excmo. Concello de Vigo.”

2.- Aportan documentación das características e ubicacións dos locais facilitando datos rexistrados, planos dos proxectos constructivos e requerimentos notariais realizados ós seus ocupantes, así como as correspondentes contestacións formuladas, agás a do Sr. Núñez Arias por resultar fallido o requerimento, para o desaloxo voluntario dos mesmos, resultando ineficaces.

3.- Conclúen que “sen que exista autorización algunha ó efecto e, con vulneración do disposto no prego de condicións que rexe a concesión, quen foi adxudicatario da concesión (CONYCASE SL) transmitiu ilegalmente en favor de Adolfo Núñez Román e, de *Tecnología Viguesa S.A.*, a concesión administrativa respecto dos locais referidos....(a favor do primeiro, un local sito na rúa Coruña e, respecto da segunda, seis locais sitios no parking da rúa Venezuela con fachada á rúa Simón Bolívar) y que quen fora a anterior titular da mesma (*Vigo Parking S.A.*) transmitiu a un terceiro (*OTECA S.A.*) quen á súa vez transmitiu a Manuel Núñez Arias outro local máis (sito na rúa Venezuela con fachada á rúa Simón Bolívar).

4.- Alegan que realizouse unha modificación material nun local na rúa Venezuela consistente na fabricación dun forxado que o divide horizontalmente e que en locais cedidos por Conycase SL a *Tecnología Viguesa S.A.*, desenvolven actividades as entidades “*Neumáticos del Berbés, S.L.*, e *Recalvi, S.A.*, e que cando se require a éstas responde *Tecnología Viguesa S.A.*, polo que presumen que existe algún tipo de negocio xurídico entre ésta e aquelas.

5.- Instan o desahucio e posterior lanzamento por estimar que ocupantes dos locais os posúen por títulos ineptos ó efecto de manterse como ocupantes dos mesmos.

#### ALEGACIONES FORMULADAS POR ADOLFO ANTONIO NÚÑEZ ROMÁN

Tras realizar un pormenorizado e extenso estudio sobre o contido, efectos e alcance da Sentenza que se executa, da regulación legal do desahucio administrativo, da concesión, o seu obxecto e réxime de explotación, da cesión da concesión, das cesións de uso como réxime de explotación, das sucesivas cesións concesionais, da posesión do Sr. Núñez Román e do deber de ponderación da actuación administrativa, a inversión realizada no local, o pago da cantidade total do prezo, recoñecementos municipais da existencia do titular do local, etc., solicitudes de licenzas do ano 1997, no que ó expediente interesa, alega:

1.- Que de ter efectuado CONYCASE unha cesión inconsentida, a consecuencia xurídica non sería que a Administración tivese que desahuciar ó cesionario, senon que debería declarar caducada a concesión por así establecelo o art. 43.d do prego concesional, non poidendo a Administración optar entre caducidade ou o desahucio e se non declara a caducidade é que a consinte, e así o recoñece certeramente o Concello no acordo de 14 de marzo de 2011 no que concede á solicitante a autorización para a cesión ó seu favor efectuada no Auto de 17 de xullo de 2010 no que refuta a oposición que tiña formulado CONYCASE aducindo, precisamente a inexistencia de autorización administrativa previa, ó expresar no parágrafo segundo do FJ:2 "Ditos incumprimentos, no suposto de trala tramitación do correspondente procedemento administrativo contradictorio se chegara a considerar que concorren, sería causa de caducidade da concesión quedando, de acordo co previsto no prego de condicións, os aparcamentos de propiedade do Concello sen dereito a indemnización a prol do concesionario."

2.- A vía que ten que utilizar a concesionaria é a do procedemento ordinario en vía civil postulando a nulidade do contrato suscrito entre o Sr. Núñez e CONYCASE, vía que ten pechada tanto porque no Edicto de subhasta indicouse claramente que os participantes aceptaban a situación posesoria existente como o coñecemento confesado da ocupación por parte do expoñente lle privaría da boa fe indispensable para obte-lo amparo do art. 34 da LH.

3.- Na escritura de cesión do dereito de remate de 26 de abril de 2010 consta, no nº 3 da cláusula Terceira que "varios locais comerciais eran ocupados por terceiros en virtude de cesións efectuadas pola concesionaria executada". A cedente non comunicou ó Concello a solicitude de adxudicación nin a cesión a IC Gómez Ulla e esta última non comunica ó Concello a cesión da xestión e explotación dos tres aparcamentos á entidade ISOLUX nas condicións que figuran na escritura de cesión.

4.- O Sr. Núñez Román ocupa o local en virtude de un contrato de arrendamento con CONYCASE de 21 de novembro de 1997 e posteriormente en virtude da cesión permanente de uso durante todo o período concesional concertada en escritura pública de 9 de marzo de 2011.

#### ALEGACIÓNS FORMULADAS POR TECNOLOGÍA VIGUESA S.A.

Entre outras cuestións de índole xurídico e sobre os antecedentes fácticos relacionados os locais comerciais do aparcamento da rúa Venezuela dende o ano 1989, alegan:

1.- Que a tramitación do expediente de desahucio administrativo require a previa extinción ou caducidade dos dereitos constituídos sobre os bens de dominio público polo que a pretensión formulada carece de todo fundamento na medida que tales dereitos non foron declarados extinguidos ou caducados, o cal lle habilita para a posesión e uso dos locais ocupados.

2.- O Prego de condicións prevé a posibilidade de cesión permanente de prazas de aparcamento, puntualizando (art. 34) que o usuario non adquire dereito algún no concerniente á propiedade do inmovible, senon tan só á utilización da praza, e non somete a autorización ni a toma de razón previa dita cesión e, respecto ós locais comerciais, o prego sinala con carácter xeral a necesidade de comunicación e autorización previa por parte do Concello para a cesión, transferencia ou novación da concesión ou da titularidade de calquera dos bens inmovibles afectos a ela, pero non somete a autorización ou toma de razón previa a cesión dos locais comerciais.

3.- O 23 de decembro de 1999 a titular da concesión nese momento, CONYCASE,S.L., outorgou escritura pública de cesión de uso de locais comerciais da concesión administrativa para a cal solicitou a correspondente licencia de actividades e instalacións que lle foi concedida pola XGL de 22 de abril de 2004, no expediente do cal (21.240/422) consta un informe da Unidade de Patrimonio de 3 de marzo de 2003 no que se indica textualmente:” Asímesmo, dispónse no devandito título concesional a facultade de cesión dos dereitos da concesión (art. 7), transmisión que require a previa anuencia desta Corporación, sen que en relación ás cesións de uso, se contempe a necesidade da súa autorización, xa que ésta ven establecida unicamente cando o obxecto de cesión sexa o dereito concesional”

4.- Reiteran o manifestado polo anterior alegante respecto a que a actual concesionaria sabía, coñecía e era consciente da existencia de ocupantes dos locais comerciais e que o Concello na autorización da transmisión da concesión expresou que “quedaría subrogada na totalidade dos dereitos e obrigas contractuais”.

5.- Por último, manifestan que sería preciso, conforme establece o RBEL, a previa fixación das indemnizacións que lles corresponden ós ocupantes dos locais.

Ambolos dous alegantes aportan documentos acreditativos dos feitos expostos interesándose por *Tecnología Viguesa* práctica de proba de medios documentais, a cal non debe admitirse por tratarse de documentos obrantes en expedientes administrativos do Concello e ser irrelevantes para a resolución do asunto, xa que en definitiva se trata de determinar se é ou non necesaria a previa anuencia ou autorización do Concello cando o titular dos dereitos concesionais realiza cesións de uso dos locais comerciais da concesión.

En canto ó fondo do asunto, é obvio que o Concello carece de lexitimación para dilucidar respecto da nulidade ou caducidade dos títulos que lexitiman a ocupación e uso dos locais comerciais por tratarse de “contratos civís” a interpretación dos cales corresponde á Xurisdicción Ordinaria.

Po lo que respeta á anuencia ou autorización do Concello sobre as cesións de uso permanente dos locais comerciais adscritos á concesión administrativa realizadas polo concesionario, o Prego non contén determinación algunha específica, regulándose a cesión de dereitos, con carácter xeral, nos seguintes artigos:

Sétimo.- Cesión de dereitos.

“Será admisible a renovación por cesión dos dereitos do concesionario a outra persoa natural ou xurídica, debendo o novo concesionario reunir, a xuízo do Concello, condicións e garantías análogas ás esixidas ó adxudicatario previa anuencia da Corporación”.

Basta a súa simple lectura para afirmar con total rotundidade, como así xa o expresara a Unidade de Contratación o 3 de marzo de 2003, que o precepto non é de aplicación ás cesións dos dereitos de uso das prazas de garaxe e os locais comerciais.

“Cadaxésimo Terceiro.- Caducidade da concesión.

*Procederá a declaración de caducidade nos casos previstos no art. 136 do RSCL vixente nos supostos especiais seguintes:*

*d) Cesión, transferencia ou novación da concesión ou da titularidade de calquera dos bens inmobles afectos a ela, sen previo aviso, comunicación e autorización do Excmo. Concello.”*

*Resulta evidente que dito apartado non afecta ás cesións de uso das prazas de garaxe nin dos locais comerciais e en todo caso o suposto fai referencia a que será o Concello quen deberá tramita-lo correspondente expediente para declara-la caducidade da concesión ó seu titular, o que implícitamente non supón, en principio, o desaloxo dos ocupantes dos titulares das cesións de uso realizadas, por canto o Concello, coa finalidade de abarata-lo custe do rescate da concesión, podería mante-los contratos realizados polos concesionarios cos titulares dos dereitos de uso tanto das prazas de garaxe como dos locais comerciais.*

*En consecuencia co exposto, analizadas as disposicións legais ás que fai referencia o prego de condicións regulador da concesión administrativa así como o art. 41 da Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, Órgano municipal competente para a resolución do expediente, na súa condición de Órgano de contratación do Concello, ó abeiro do disposto na Disposición adicional segunda do R.D. Legislativo 3/2011, de 14 de novembro nos seus apartados 2 e 3, a adopción do seguinte*

#### **A C O R D O**

*Primeiro.- Desestima-la solicitude formulada pola entidade Aparcamientos IC Gómez Ulla S.L. o día 28 de xuño de 2012 interesando o desahucio administrativo dos locais que compoñen a concesión administrativa para a construción e explotación dos estacionamentos subterráneos para vehículos automóbiles situados nas rúas Venezuela e Coruña e o consecuente lanzamento de D. Adolfo Antonio Núñez Román, a entidade Tecnología Víguesa S.A., a quenes dín traer título desta e de D. Manuel Núñez Arias, respecto dos locais sitios nas rúas Venezuela e Coruña por carecer de fundamentos técnicos e xurídicos que a amparen toda vez que o prego regulador da concesión administrativa non esixe nin a previa comunicación, nin a autorización nin a anuencia do Concello nas cesións de uso das prazas de garaxe ou dos locais comerciais.*

*Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Asesoría Xurídica para a súa unión ó procedemento de execución definitiva de Sentenza 42/2014 do P.O. 377/2012 que se tramita perante o Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 2 desta cidade.”*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta de data 30/05/2014, do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos.

**29(703).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 24.569,62 € A FAVOR DE INTERPARKING S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO DA PRAZA DE PORTUGAL- MAIO 2014. EXPTE. 362/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 23/06/14, da xefa do servizo, conformado polo xefe da área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado; visto o informe de fiscalización do 30/06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo seguinte importe (ive engadido) :

MAIO 2014: importe 24.569,62 € (funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 19.124,62 € )

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **30(704).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS, FEBREIRO-MAIO 2014. EXPTE. 25384/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do servizo de data 22/06/14, conformado polo concelleiro de área; visto o informe de fiscalización do 24/06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 5.857,90 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Estévez Villar e que remata en D. J. Felipe Codesido Rodríguez-, imputándose o gasto con cargo á clasificación eco-

nómica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, co-respondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
71365-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Maio 2014	299,25 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Maio 2014	299,82 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Maio 2014	267,90 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Maio 2014	296,21 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Maio 2014	299,82 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Maio 2014	299,25 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Maio 2014	293,36 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Maio 2014	291,46 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Maio 2014	289,18 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Maio 2014	296,40 €
10966-77	D. Local e Emprego	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Maio 2014	51,64 €
317-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Maio 2014	285,89 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Maio 2014	320,72 €
89340-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Maio 2014	198,74 €
89341-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Maio 2014	197,98 €
89342-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Maio 2014	199,31 €
29663/29668-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamaro, Vicente	36.036.018-D	15510	Maio 2014	203,68 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Maio 2014	204,06 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Maio 2014	269,04 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Maio 2014	267,90 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Maio 2014	269,61 €
10247-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Maio 2014	119,32 €
10238-255		Conde Borrajo, Emilio	34.598.864-X	15326	Maio 2014	13,30 €
	Museo Municipal de Vigo "Quiñones de Leon"	Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Maio 2014	14,44 €
		Vázquez Díaz, José Manuel	36.044.945-N	22958	Maio 2014	22,80 €
95405, 96342-301 94770-301	Benestar Social	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Febreiro-Maio 2014	98,94 €
		Vázquez Noguero, Rosa	36.016.448-N	21210	Maio 2014	19,92 €
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35991.455-C	15651	Maio 2014	55,86 €
		Codesido Rodríguez, J. Felipe	36.081.823-K	19399	Maio 2014	112,10 €
<b>TOTAL</b>						<b>5.857,90 €</b>

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	2.932,65 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	51,64 €
9220	Conserxería	606,61 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	596,03 €
9310	Servizos Económicos	1.214,29 €
1640	Cemiterios	132,62 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de Leon"	37,24 €
2310	Benestar Social	118,86 €
3210	Educación	167,96 €
	<b>TOTAL</b>	<b>5.857,90 €</b>

**31(705).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA NOVACIÓN DA HIPOTECA DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DA RÚA URZÁIZ E DA PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 3699/241.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.07.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.07.14, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).*
- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei Hipotecaria, Texto Refundido aprobado por Decreto de 8 de febreiro de 1946 (LH).*
- *Decreto de 14 de febreiro de 1947 polo que se aproba o Regulamento Hipotecario (RH).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para adxudicar mediante concurso público a redacción dos proxectos básicos e proxectos de execución, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz aprobado por acordo plenario de data 3 de novembro de 1998 (PCAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, que aproba o Código Civil (CC).*

*ANTECEDENTES*



*D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da UTE Eloymar – Tranvías Eléctricos de Vigo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de xullo de 2014, solicita autorización do órgano de contratación para novar a hipoteca que grava o dereito real de concesión outorgado a súa representada para a redacción dos proxectos, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz, constituída co Banco de Galicia en data 22 de maio de 2002.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*Primeiro.- En data 15 de abril de 1999, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, acordou adjudicar a UTE Eloymar S.A. – Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A., a concesión para a redacción dos proxectos básicos e de execución, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz, por un prazo de 75 anos.*

*Segundo.- En data 29 de abril de 2002, o Pleno do Concello de Vigo acordou autorizar á Eloymar S.A. – Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A., a constitución de hipoteca sobre a concesión administrativa outorgada.*

*Terceiro.- En data 22 de maio de 2002, a UTE Eloymar – Tranvías Eléctricos de Vigo constituíu primeira hipoteca a favor do Banco de Galicia, S.A., gravando a concesión por un importe de 9 millóns de euros, dos que responden o aparcadoiro de Urzáiz (6 millóns) e o aparcadoiro de Praza de Independencia (3 millóns), rematando o prazo o día 4 de xuño de 2022.*

*Cuarto.- En data 1 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, autorizou a constitución dunha nova hipoteca sobre a citada concesión a UTE Eloymar – Tranvías Eléctricos de Vigo.*

*Quinto.- En data 12 de xullo de 2011, a UTE Eloymar – Tranvías Eléctricos de Vigo constituíu hipoteca de máximo a favor do Banco Popular Español, S.A., gravando a concesión por un importe de 3 millóns de euros en garantía da conta especial de crédito aberta na citada entidade por esa cantidade, rematando o prazo o día 25 de xullo de 2021.*

*Sexto.- A titularidade dunha concesión administrativa outorga o concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional. Ostenta respecto ás mesmas os dereitos e obrigacións do propietario, con suxeición ós límites fixados na LPAP e durante o prazo de validez da concesión (artigo 97 LPAP).*

*A lexislación patrimonial das administracións públicas permite a hipoteca deste dereito real, se ben con suxeición ós seguintes requisitos (artigo 98.2 LPAP):*

- 1. So poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.*
- 2. Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión.*
- 3. As hipotecas se extinguirán á extinción do prazo concesional.*

Nesta liña, o PCAP consigna o dereito do concesionario de hipotecar a concesión administrativa outorgada ó recoller, entre as facultades da administración municipal, a de autorizar a constitución de hipoteca sobre a concesión (cláusula XII.3.a). O único requisito esixido é que medie a previa petición do concesionario e se establece a limitación de que a cancelación da hipoteca se realice cinco anos antes da finalización do prazo concesional. Asemade, o concesionario deberá inscribir no Rexistro da propiedade a hipoteca baixo o mesmo número que leve a inscrición principal da concesión (artigos 60 e 61 RH).

Sétimo.- O concesionario solicita autorización para a novación da hipoteca relacionada no fundamento xurídico cuarto do presente informe.

A novación dunha hipoteca consiste na modificación dalgún dos seus elementos: os subxectos (acreedor ou deudor hipotecario) ou algunha das condicións nas que foi outorgada, tales como o capital, o prazo ou o tipo de interese (artigo 1203 CC). No primeiro caso se denomina novación subxectiva e no segundo novación obxectiva. O caso que nos ocupa é unha novación obxectiva na que se modificará o prazo. Tal e como manifesta o representante do concesionario, a modificación obedece as dificultades que representa na actualidade, nun contexto de crise económica, o facer fronte os pagos derivados desta hipoteca. Ampliando o prazo da hipoteca se reduce o importe dos pagos de amortización periódicos que debe satisfacer.

Para poder autorizar a novación é preciso que concorran os mesmos requisitos esixidos pola lexislación vixente para a constitución da hipoteca citados no fundamento xurídico anterior.

Tendo en conta as seguintes circunstancias concurrentes:

- Que a hipoteca que se nova foi constituída para facer fronte os gastos derivados da construción dos aparcadoiros soterrados obxecto desta concesión, tal e como esixe o artigo 98 da LPAP.
- Que o prazo da hipoteca se amplía en 30 anos, finalizando en 2044. Dado que a presente concesión finaliza en data 14 de abril de 2064, se cumpre a condición de que o prazo da hipoteca remate cinco anos antes da finalización do prazo concesional.

A xuízo da informante, se cumpren os requisitos esixidos para poder autorizar a novación da hipoteca.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar á UTE Eloymar – Tranvías a novación da hipoteca constituída a favor do Banco de Galicia, S.A., en data 22 de maio de 2002 sobre a concesión administrativa de dominio

*público para a redacción dos proxectos, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz á favor da UTE Eloymar – Tranvías de que é titular, condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:*

- 1. O dereito real de concesión so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.*
- 2. Inscribir no Rexistro da propiedade a novación da hipoteca baixo o mesmo número que leve a inscrición principal da concesión.*
- 3. A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional que é de 65 anos contados a partir da adxudicación da concesión.*

*2º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia da escritura pública de novación da hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da devandita escritura pública.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **32(706).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “II COMESAÑA EN BICI” O VINDEIRO 6 DE XULLO. EXPTE. 13225/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/07/14, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Sociedade Vecinal Cultural e Deportiva Naitilus, a organizar o vindeiro día 6 de xullo de 2014 a marcha ciclista denominada II Comesaña en Bici, esta marcha comezará ás 11:00 horas, tendo a súa saída da Sociedade Cultural na rúa Sanín e percorrerá pola rúa Matamá-Pazo, ata o final da mesma, collendo o desvío cara á esquerda pola estrada Casás, continuando pola estrada ata o cruce do camiño Rial (a man dereita), ata o final do camiño Rial, logo enlazar coa estrada Casás, baixar a costa e voltar polo mesmo sitio, facendo o percorrido en sentido contrario, logo rúa Casás enlazando ca carretera Matamá Pazo, caño. Sanín onde se atopa a meta.

#### **33(707).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE RUTAS URBANAS DE PATINAXE NO PERÍODO DE XUÑO A DECEMBRO. EXPTE. 13167/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 24/06/14, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autoriza ao club Deportivo Freestyle Slalom Vigo que xunto a Concellería de Deportes, a organizar unhas rutas urbanas de patinaxe pola cidade con o seguinte calendario:

#### **JUNIO**

Sab 28 h	11:00	17´9 Km	N 3	Circular Clásica
Sab 28 h	17:00	1´6 Km	N 1	Ruta Navia

#### **JULIO**

<b>Dom 6</b>		17´9 Km	N 3	Circular Clásica (CTO España FS)
Dom 27	11:00 h	2´2 Km	N 2	Circular centro alto
Dom 27	17:00 h	1 km	N 1	Ruta las Piscinas

#### **AGOSTO**

Dom 31 h	11:00	6´8 Km	Máster	Máster Clásica
Dom 31 h	17:00	2´2 Km	N 1	Carril Bici Bouzas

#### **SEPTIEMBRE**

Dom 28	11:00 h	9´5 Km	Máster	Mega máster
Dom 28	17:00 h	1´3 km	N 1	Ruta de las piscinas

#### **OCTUBRE**

Dom 26 h	11:00	9´0 km	N3	La Ascensión
Dom 26 h	17:00	1´3 Km	N 1	Circular Príncipe

#### **NOVIEMBRE**

Dom 30	11:00 h	9´4 km	N 3	Circular Clásica
Dom 30	17:00 h	2´2 Km	N 1	Carril Bici Bouzas

#### **DICIEMBRE**

Dom 28 h	11:00	1´7 Km	N1	Zig Zag
Dom 28 h	17:00	1´3 km	N 1	Ruta de las piscinas

#### **34(708).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.